

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27006531	IES Lucus Augusti	Lugo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Física e química	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	15
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	16
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21

1. Introducción

Un factor inherente a esta programación é o contexto no que a mesma se vai a desenvolver, polo que se empezará por describir o mesmo en liñas xerais (posto que unha descripción máis detallada pode atoparse no Proxecto Educativo de Centro).

A presente programación desenvolverase no IES Lucus Augusti, un centro público ubicado no centro da cidade de Lugo que oferta ademáis de estudos de ESO e Bacharelato, dous ciclos formativos da familia profesional de Química. En concreto impártense 4 liñas dos cursos 1º, 2º e 4º de Ensino Secundario Obrigatorio e ademáis unha quinta liña en 3º de ESO. No bacharelato hai 6 grupos de 1º e 4 de 2º, modalidades de Ciencias, Humanidades e Ciencias Sociais e Xeral. O Ciclo Superior é de Laboratorio de análise e control de calidade e o Ciclo Medio de Operacións de Laboratorio, ambos da familia de Química en réxime ordinario.

A xornada é continuada, sendo o horario de 8:15 a 14:30 os luns e martes e de 8:45 a 14:15 os mércores, xoves e venres. Os dous primeiros días hai 4 sesións lectivas, seguidas dun recreo de 25 minutos e outras tres sesións e os outros tres hai dúas franxas de tres períodos lectivos separados por un recreo de media hora.

É un centro grande que se caracteriza por un número bastante elevado de alumnado e grupos en xeral bastante numerosos. A existencia de ciclos formativos da familia de Química condiciona as posibilidades de uso dos laboratorios, xa que están habitualmente ocupados para a impartición dos módulos dos ciclos. Sen embargo, acordos puntuais entre o profesorado posibilitan o uso dos laboratorios para a realización de prácticas neste espazo.

No tocante á lingua, a predominante é o castelán. A materia impartirase en galego seguindo o proxecto lingüístico de centro.

No presente curso hai tres cursos de Física e Química en 1º de BAC, con 25, 28 e 23 alumnos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Resolver problemas e situacións relacionados coa física e coa química, aplicando as leis e teorías científicas adecuadas, para comprender e explicar os fenómenos naturais e evidenciar o papel destas ciencias na mellora do benestar común e na realidade cotiá.	3		1-2-5		12			1
OBX2 - Razoar usando con solvencia o pensamento científico e as destrezas relacionadas co traballo da ciencia para aplicarlos á observación da natureza e da contorna, á formulación de preguntas e hipóteses e á validación destas a través da experimentación, da indagación e da procura de evidencias.	1-2-3		1-2		40	4	1	
OBX3 - Manexar con propiedade e solvencia o fluxo de información nos diferentes rexistros de comunicación da ciencia, como son a nomenclatura de compostos químicos, a linguaxe matemática, as unidades de medida e os códigos de seguridade no traballo experimental, para a produción e interpretación de información en diferentes formatos e a partir de fontes diversas.	1-2		4	2				

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Utilizar de forma autónoma, crítica e eficiente plataformas dixitais e recursos variados, tanto para o traballo individual coma en equipo, consultando e seleccionando información científica veraz, creando materiais en diversos formatos e comunicando de maneira efectiva en diferentes contornas de aprendizaxe, para fomentar a creatividade, o desenvolvemento persoal e a aprendizaxe individual e social.	3	1	3	1-3	32		2	1
OBX5 - Traballar de forma colaborativa en equipos diversos, aplicando habilidades de coordinación, comunicación, emprendemento e repartición equilibrada de responsabilidades, para predicir as consecuencias dos avances científicos e a súa influencia sobre a saúde propia e comunitaria e sobre o desenvolvemento ambiental sostible.	1-2-3		3-5		31-32	4		
OBX6 - Participar de forma activa na construción colectiva e evolutiva do coñecemento científico, na súa contorna cotiá e próxima para converterse en axentes activos da difusión do pensamento científico, na aproximación escéptica á información científica e tecnolóxica e á posta en valor da preservación do medio ambiente e da saúde pública, no desenvolvemento económico e na procura dunha sociedade igualitaria.	1-2-3		3-4-5		50	4	2	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A actividade científica	Ferramentas matemáticas e procedementos científicos necesarios para o desenvolvemento dos contidos da materia de física e química neste nivel educativo.	9	3	X	X	X
2	Enlace químico e estrutura da materia	Estructura do átomo de acordo cós últimos modelos atómicos e relación da mesma coa configuración electrónica dos átomos e a súa situación na tábula periódica. Relación entre a citada configuración electrónica e a tendencia dos átomos a combinarse cedendo ou compartindo electróns dando lugar a compostos con	13	22	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Enlace químico e estrutura da materia	distintos tipos de enlace que determina as súas propiedades.	13	22	X		
3	Química do carbono	Identificación, formulación e nomenclatura de tres familias de compostos orgánicos: hidrocarburos, compostos osixenados e compostos nitroxenados.	13	16	X		
4	Leis e conceptos básicos en química	Leis ponderais e leis dos gases. Disolucións, concentración e formas de expresala.	13	19	X	X	
5	Reaccións químicas	Cálculos estequiométricos relacionados coas reaccións químicas.	13	18		X	
6	Cinemática	Magnitudes cinemáticas e caracter vectorial das mesmas. Aplicación das mesmas ó estudo do movemento nunha e dúas dimensións.	13	22		X	
7	Dinámica	Estudo das causas que orixinan o movemento e aplicación a distintas situacións de movemento. Cantidade de movemento, impulso mecánico, momento angular e a súa conservación.	13	22			X
8	Traballo e enerxía mecánica	Relación entre traballo, enerxía e potencia. Forzas conservativas e non conservativas. Conservación da enerxía.	13	18			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A actividade científica	3

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular e verificar hipóteses como respostas a diferentes problemas e observacións, manexando con soltura o traballo experimental, a indagación, a procura de evidencias e o razoamento lóxico-matemático.	Aporta hipóteses fundamentadas científicamente na procura de solucións a casos prácticos, como prácticas de laboratorio ou debates e coloquios científicos realizados na aula.	PE	100
CA1.2 - Utilizar diferentes métodos para atopar a resposta a unha soa cuestión ou observación, cotexando os resultados obtidos para asegurarse da súa coherencia e fiabilidade.	Contrasta a información obtida a partir dunha investigación empregando distintas fontes e indica as fontes empregadas na elaboración de informes científicos.		
CA1.3 - Integrar as leis e teorías científicas coñecidas no desenvolvemento do procedemento da validación das hipóteses formuladas, aplicando relacións cualitativas e cuantitativas entre as diferentes variables, de maneira que o proceso sexa fiable e coherente co coñecemento científico adquirido.	Relaciona os contidos teóricos da materia en casos prácticos, nos que expresa o valor das magnitudes empregando a notación científica, estima os erros absoluto e relativo asociados e contextualiza os resultados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Poñer en práctica os coñecementos adquiridos na experimentación científica en laboratorio ou campo, incluído o coñecemento dos seus materiais e a súa normativa básica de uso, así como das normas de seguridade propias destes espazos, e estimando a importancia que no progreso científico e emprendedor ten que a experimentación sexa segura, sen comprometer a integridade física propia nin a colectiva.	Coñece e emprega de forma adecuada e responsable o material experimental de laboratorio.		
CA1.5 - Interactuar con outros membros da comunidade educativa a través de diferentes contornas de aprendizaxe, reais e virtuais, utilizando de forma autónoma e eficiente recursos variados, tradicionais e dixitais, con rigor e respecto e analizando criticamente as achegas dos participantes.	Emprega de forma autónoma recursos interactivos propostos pola profesora.		
CA1.6 - Traballar de forma autónoma e versátil, individualmente e en equipo, na consulta de información e na creación de contidos, utilizando con criterio as fontes e as ferramentas máis fiables e refugando as menos adecuadas para mellorar a aprendizaxe propia e colectiva.	Selecciona, organiza e presenta os resultados dunha procura científica de forma individual ou colectiva.		
CA1.7 - Participar de maneira activa na construción do coñecemento científico, evidenciando a existencia de interacción, cooperación e avaliación entre iguais e mellorando o cuestionamento, a reflexión e o debate ao alcanzar o consenso na resolución dun problema ou situación de aprendizaxe.	Participa en coloquios e debates de carácter científico expresando as súas opinións empregando correctamente linguaxe científica básica.		
CA1.8 - Construír e producir coñecementos a través do traballo colectivo, ademais de explorar alternativas para superar a asimilación de coñecementos xa elaborados e atopando momentos para a análise, a discusión e a síntese, obtendo como resultado a elaboración de produtos representados en informes, pósteres, presentacións, artigos etc.	Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica: procura de información, prácticas de laboratorio ou pequenos proxectos de investigación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Utilización das metodoloxías propias da investigación científica para a identificación e a formulación de cuestións e conxecturas, a elaboración de hipóteses e a comprobación experimental destas. - Deseño e execución de experimentos e de proxectos de investigación en condicións de seguridade, utilizando instrumental adecuado e razoamento lóxico-matemático e analizando os resultados obtidos para a resolución de problemas e cuestións relacionados coa física e coa química. - Recoñecemento e utilización de fontes veraces e medios de colaboración para a procura de información científica en diferentes formatos e facendo uso das ferramentas necesarias. - Interpretación e produción de información científica cunha linguaxe adecuada para desenvolver un criterio propio baseado na evidencia e no razoamento.

UD	Título da UD	Duración
2	Enlace químico e estrutura da materia	22

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Aplicar as leis e as teorías científicas na análise de fenómenos fisicoquímicos cotiáns relacionados coa estrutura da materia comprendendo as causas que os producen e elaborar explicacións utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Explica como o estudo da interacción da radiación coa materia permitiu a Bohr predecir o seu modelo atómico e á súa vez a Schrödinger o modelo atómico actual. Relaciona estes dous modelos atómicos coas configuracións electrónicas dos elementos e as posicións destes na táboa periódica.	PE	100
CA2.2 - Nomear e formular correctamente substancias simples, ións e compostos químicos inorgánicos utilizando as normas da IUPAC, como parte da linguaxe integradora e universal da comunidade científica.	Nomea e formula correctamente compostos inorgánicos binarios (sales, óxidos, peróxidos) e ternarios (hidróxidos, oxoácidos e sales ternarias), tanto neutros como os seus ións.		
CA2.3 - Empregar diferentes formatos para interpretar e expresar información relativa a un proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si a información que cada un deles contén e extraendo o relevante para a resolución dun problema.	Emprega a táboa periódica para obter información sobre os posibles tipos de enlace nun elemento ou composto binario e interpreta gráfica e esquematicamente os ditos enlaces. Ademais relaciona o tipo de enlace coa estrutura dos compostos e esta última coas súas propiedades.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento da táboa periódica: contribucións históricas á súa elaboración actual e importancia como ferramenta predictiva das propiedades dos elementos. - Estrutura electrónica dos átomos tras a análise da súa interacción coa radiación electromagnética: explicación da posición dun elemento na táboa periódica e da similitude nas propiedades dos elementos químicos de cada grupo. - Teorías sobre a estabilidade de átomos e ións: predición da formación de enlaces entre os elementos, representación destes e dedución de propiedades das substancias químicas. Comprobación a través da observación e da experimentación. - Formulación e nomenclatura de substancias simples, ións e compostos inorgánicos: aplicacións que teñen na vida cotiá.

UD	Título da UD	Duración
3	Química do carbono	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar situacións problemáticas na contorna relacionadas coa química orgánica, emprender iniciativas e buscar solucións sostibles desde a física e a química, analizando criticamente o impacto producido na sociedade e no medio ambiente.	Analiza o impacto da industria química na contaminación.	PE	100
CA4.2 - Nomear e formular correctamente substancias simples, ións e compostos químicos orgánicos utilizando as normas da IUPAC, como parte da linguaxe integradora e universal da comunidade científica.	Nomea e formula, seguindo as normas IUPAC, substancias orgánicas (monofuncionais) das tres familias de compostos principais: hidrocarburos, compostos osixenados e compostos nitroxenados.		
CA4.3 - Detectar necesidades da sociedade sobre as que aplicar coñecementos relacionados coa química orgánica que axuden a satisfacelas, incidindo especialmente en aspectos importantes como a resolución dos grandes retos ambientais, o desenvolvemento sostible e a promoción da saúde.	Analiza a presenza da química orgánica na industria enerxética e farmacéutica así como a súa íntima relación coa bioquímica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Propiedades físicas e químicas xerais dos compostos orgánicos a partir dos seus grupos funcionais: xeneralidades nas diferentes series homólogas e aplicacións no mundo real. - Regras da IUPAC para formular e nomear correctamente algúns compostos orgánicos mono e polifuncionais (hidrocarburos, compostos osixenados e compostos nitroxenados).

UD	Título da UD	Duración
4	Leis e conceptos básicos en química	19

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Aplicar as leis e as teorías científicas na análise de reaccións químicas, comprendéndoas e explicándoas utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Aplica a teoría relativa ás tres leis ponderais a casos prácticos. Fai cálculos nos que interveñen gases aplicando a ecuación de estado dos gases ideais, de moles para o cálculo de fórmulas empíricas e moleculares, e de cantidade de materia nunha mestura en distintas unidades.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Leis fundamentais da química: relacións estequiométricas en reaccións químicas e na constitución de compostos. Resolución de cuestións cuantitativas relacionadas coa química na vida cotiá. - Cálculo de cantidades de materia en sistemas fisicoquímicos concretos, como gases ideais ou disolucións, así como o estudo das súas propiedades e variables de estado en situacións da vida cotiá.

UD	Título da UD	Duración
5	Reaccións químicas	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Resolver problemas sobre reaccións químicas e as substancias que nelas participan aplicando as leis adecuadas para atopar e argumentar as solucións expresando adecuadamente os resultados.	Aplica as leis introducidas na unidade anterior para resolver problemas cuantitativos relacionados con cantidade de materia (moles, masas, volumes) de reactivos ou produtos (en distintos estados) dunha determinada reacción para un rendemento dado ou unha pureza determinada dalgúns dos reactivos.	PE	100
CA3.3 - Identificar situacións problemáticas na contorna nas que estean implicadas reaccións químicas, emprender iniciativas e buscar solucións sostibles desde a física e a química, analizando criticamente o impacto producido na sociedade e no medio ambiente.	Analiza e resume un artigo de prensa no que se presente algún problema medioambiental asociado a como o ser humano fai uso da química.		
CA3.4 - Debater, de maneira informada e argumentada, sobre cuestións ambientais, sociais e éticas relacionadas co desenvolvemento da física e da química, alcanzando un consenso sobre as consecuencias dos seus avances e propoñendo solucións creativas en común ás cuestións expostas.	Debate sobre as vantaxes e inconvenientes da industria química na contorna e en países en vía de desenvolvemento.		
CA3.5 - Identificar e argumentar cientificamente, á luz da física e da química, as repercusións de accións que se acometen na vida cotiá analizando como melloras, como forma de participar activamente na construción dunha sociedade mellor.	Analiza textos onde se discute o papel da física e da química nos avances da sociedade.		
CA3.6 - Detectar necesidades da sociedade sobre as que aplicar coñecementos relacionados con reaccións químicas que axuden a satisfacer as devanditas necesidades, incidindo especialmente en aspectos importantes como a resolución dos grandes retos ambientais, o desenvolvemento sostible e a promoción da saúde.	Debate sobre o problema enerxético actual e as actuais formas de obter enerxía a partir da lectura dun artigo científico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Leis fundamentais da química: relacións estequiométricas en reaccións químicas e na constitución de compostos. Resolución de cuestións cuantitativas relacionadas coa química na vida cotiá. - Clasificación das reaccións químicas: relacións que existen entre a química e aspectos importantes da sociedade actual, como por exemplo a conservación do medio ambiente ou o desenvolvemento de fármacos. - Estequiometría das reaccións químicas: aplicacións en procesos industriais significativos da enxeñería química.

UD	Título da UD	Duración
6	Cinemática	22

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Aplicar os conceptos da cinemática clásica na análise de movementos cotiáns, elaborando explicacións utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Describe os movementos acelerados e non acelerados (rectilíneos e circulares) así como as súas magnitudes e ecuacións asociadas, e interpreta as gráficas que os describen. A partir do anterior é capaz de deducir as ecuacións matemáticas que definen o movemento de móbiles en dúas dimensións.	PE	100
CA5.2 - Resolver problemas sobre movementos expostos a partir de situacións cotiáns, aplicando os conceptos propios da cinemática para atopar e argumentar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Resolve casos prácticos sobre movementos nunha e dúas dimensións a partir de situacións cotiáns a partir das ecuacións dos movementos rectilíneo uniforme e rectilíneo uniformemente acelerado.		
CA5.3 - Utilizar de maneira rigorosa as unidades propias das magnitudes cinemáticas, empregando correctamente as súas notacións e equivalencias e facendo posible unha comunicación efectiva coa comunidade científica.	Expresa nas unidades apropiadas e nos casos oportunos con carácter vectorial, as magnitudes cinemáticas. Relaciona as magnitudes lineais e angulares para un móbil que describe unha traxectoria circular, establecendo as ecuacións correspondentes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Variables cinemáticas en función do tempo nos distintos movementos que pode ter un obxecto, con ou sen aceleración: resolución de situacións reais relacionadas coa física e coa contorna cotiá. - Variables cinemáticas que interveñen nun movemento rectilíneo e circular: magnitudes e unidades empregadas. Movementos cotiáns que presentan estes tipos de traxectoria. - Expresión da traxectoria dun movemento composto en función das magnitudes que o describen.

UD	Título da UD	Duración
7	Dinámica	22

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Aplicar as leis da dinámica newtoniana e os seus teoremas de conservación na análise do repouso ou movemento dos corpos en situacións cotiás, comprendendo as forzas que os producen e elaborando explicacións utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Identifica as distintas forzas que actúan sobre un corpo (peso, rozamento, forza centripeta...). Coñece as leis da dinámica newtoniana e a partir delas deduce a conservación do momento lineal.	PE	100
CA6.2 - Resolver problemas de estática e dinámica de corpos expostos a partir de situacións cotiás, aplicando as leis da dinámica newtoniana e os teoremas de conservación pertinentes para atopar e argumentar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Identifica todas as forzas que actúan sobre un corpo nun caso práctico dado (peso, rozamento...) e atopa a forza resultante extraendo as consecuencias sobre o seu estado de movemento. Aplica a conservación do momento lineal a colisións.		
CA6.3 - Utilizar e relacionar de maneira rigorosa as unidades propias das magnitudes da mecánica empregando correctamente as súas notacións e equivalencias e facendo posible unha comunicación efectiva coa comunidade científica.	Expresa nas unidades apropiadas e nos casos oportunos, con carácter vectorial, as magnitudes da dinámica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Predición, a partir da correspondente composición vectorial, do comportamento estático ou dinámico dunha partícula. Par de forzas. Estática de sólidos ríxidos. - Relación da mecánica vectorial aplicada sobre unha partícula ou un sólido ríxido co seu estado de repouso ou de movemento. Aplicacións estáticas ou dinámicas da física noutros campos de interese. - Interpretación das leis da dinámica en termos de magnitudes como o momento lineal e o impulso mecánico: aplicacións.

UD	Título da UD	Duración
8	Traballo e enerxía mecánica	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA7.1 - Aplicar os conceptos de calor e traballo e o teorema de conservación da enerxía mecánica na análise de fenómenos cotiás nos que se produza transferencia de enerxía, comprendendo as causas que producen esta transferencia e elaborando explicacións utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Coñece, diferencia e relaciona as magnitudes enerxía, calor e traballo. Clasifica as forzas en conservativas e non conservativas e identifica as situacións nas que se produce conservación da enerxía mecánica.	PE	100
CA7.2 - Resolver problemas sobre transferencia de enerxía mecánica e térmica expostos a partir de situacións cotiás, aplicando o concepto de calor e o teorema de conservación da enerxía mecánica para atopar e argumentar as solucións expresando adecuadamente os resultados.	Resolve problemas nos que interveñen as magnitudes enerxía, calor e traballo. Aplica a conservación da enerxía á resolución de casos prácticos nos que poder aplicala.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA7.3 - Identificar situacións problemáticas na contorna relacionadas coa enerxía e as súas manifestacións, emprender iniciativas e buscar solucións sostibles desde a física e a química analizando criticamente o impacto producido na sociedade e no medio ambiente.	Análise do concepto de autosustentabilidade enerxética dun territorio e debate sobre a súa viabilidade na nosa cidade.		
CA7.4 - Utilizar e relacionar de maneira rigorosa as unidades propias de magnitudes relacionadas coa enerxía, empregando correctamente as súas notacións e equivalencias e facendo posible unha comunicación efectiva coa comunidade científica.	Expresa nas unidades apropiadas as magnitudes relacionadas coa enerxía (traballo, calor, potencia).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Conceptos de traballo e potencia: elaboración de hipóteses sobre o balance enerxético de sistemas mecánicos ou eléctricos da contorna cotiá e o seu rendemento. - Enerxía potencial e enerxía cinética dun sistema sinxelo: aplicación á conservación da enerxía mecánica en sistemas conservativos e non conservativos e ao estudo das causas que determinan o movemento dos obxectos no mundo real. - Variables termodinámicas dun sistema para relacionar as variacións de temperatura que experimenta coas transferencias de enerxía que se producen coa súa contorna.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Utilizarase unha metodoloxía activa, potenciadora da aprendizaxe construtiva do alumnado, baseada no traballo persoal, xa sexa individual ou en grupo. Para elo utilizarase unha metodoloxía de aprendizaxe dirixida alternada con resolución de problemas, exposicións da profesora, realización de experiencias de laboratorio, visionado de vídeos, utilización de animacións, etc.

Posto que cada grupo presenta distintas inquiredanzas e necesidades educativas, tratarase de axustar a actividade docente diaria ás distintas características do alumnado sen renunciar aos obxectivos previstos para o curso. Para elo basearémonos no resultado da avaliación inicial de cada alumno/a e iranse escollendo, segundo o caso, actividades de reforzo, de afondamento ou de ampliación.

Dada a compoñente empírica que teñen a Química e a Física, é necesario o uso frecuente do laboratorio para a realización de prácticas que permitan ao alumnado familiarizarse co material, coas operacións básicas e co método de traballo, así como constatar experimentalmente os conceptos teóricos adquiridos. Sen embargo, o feito de que no centro existan dous ciclos formativos da familia de Química condiciona a dispoñibilidade dos mesmos. Cando non se considere seguro facelas, serán substituídas por simulacións virtuais. Isto posibilitará contextualizalas coa materia traballada a nivel teórico e, polo tanto, unha aprendizaxe máis significativa da mesma.

O uso das tecnoloxías da información e a comunicación permite dar unha visión actual da actividade tecnolóxica e científica contemporánea e posibilita achegarse á actividade experimental dunha maneira clara e visual, aínda que non manipulativa.

O traballo do alumnado quedará recollido no seu caderno de clase, no que se reflectirán as actividades propostas tanto na aula como no laboratorio, as respostas individuais, os traballos en grupo, as aclaracións da profesora e as súas conclusións e resúmenes. Este caderno deberá estar sempre actualizado e poderá ser revisado pola profesora cando o solicite para tal fin.

Traballaranse os contidos desde unha perspectiva de xénero, poñendo en valor en todas aquelas unidades nas que sexa posible á contribución ao currículo de diferntes científicas relacionadas coa Física e a Química. Entre outras, Lise Meinter, Marie Curie, Ida Eva Tacke, Marquerite Perey, Irene Joliot Curie...

Realizaranse actividades variadas para facilitar a atención á diversidade do alumnado, respetando na medida do posible os ritmos de aprendizaxe. Con estas actividades preténdese introducir ao alumnado no método científico, para que se faga consciente de que o proceso investigador ten que seguir uns pasos ou pautas precisas para conseguir resultados válidos.

A secuencia habitual de traballo na aula consistirá nas seguintes partes:

- **MOTIVACIÓN.** Iniciarase cada unidade didáctica cun guión dos contidos que se van ver nesa sesión (con fotos, viñetas, vídeos, gráficos...) intentando verificar os coñecementos previos e motivar ao alumnado, á vez que se fai a súa aprendizaxe máis significativa. Acudirase a dinámicas participativas como o remuíño de ideas. O resultado servirá para o enfoque da unidade e a selección das actividades posteriores.

- **INFORMACIÓN DA PROFESORA.** Parte da sesión será expositiva por parte do/a docente, apoiando o discurso cunha presentación dixital na que ao inicio da unidade se exporá o guión da mesma e a partir de aí unha síntese dos diferentes apartados, de maneira que resulte unha explicación fácil de seguir para todo o alumnado. Proxectaranse vídeos ou simulacións que clarifiquen ou reforcen as explicacións.

As exposicións de conceptos intercalaranse con diferentes tipos de actividades que permitan a comprensión dos mesmos. Haberá actividades de desenvolvemento, de afondamento e reflexión, así como de reforzo cando sexa preciso.

- **TRABALLO PERSOAL.** Haberá algún tempo de cada sesión lectiva para a realización de exercicios, problemas ou resumos por parte do alumnado xa sexa de forma individual ou en pequenos grupos. Para actividades puntuais que se poidan desenvolver de maneira telemática permitiranse diferentes agrupamentos, en particular grupos máis grandes, cando sexa conveniente para a elaboración de material ou realización dalgunha actividade de búsqueda de información. Proporase a lectura de textos de divulgación e a realización de actividades relacionadas, así como a análise de documentos e pequenas investigacións e elaboracións de informes. Será preciso traballar tanto a resolución de problemas e exercicios prácticos como a memorización comprensiva.

- **AVALIACIÓN.** A avaliación farase a través de probas escritas (unha cada unha ou dúas unidades didácticas) e avaliación de producións (caderno, pequenos traballos ou informes, lecturas...). A miúdo nas sesións lectivas haberá unha parte de avaliación do interese e a actitude cara á materia e cara aos demais, así como do traballo que se está a realizar na aula por medio da observación, da supervisión do caderno de aula e da recollida de exercicios, e tamén do traballo realizado na casa a través do control aleatorio das tarefas, do que tamén se levará rexistro. Logo de cada avaliación, plantearanse actividades de recuperación para o alumnado que tivera dificultades na adquisición dos contidos programados. Serán actividades novas ou ben a repetición das xa realizadas no trimestre coa fin de preparar as probas escritas de recuperación da avaliación.

No tocante ós agrupamentos na aula cabe ter en conta que o uso de procedementos propios da actividade científica supón, en calquera dos espazos utilizados, a posta en marcha de actividades que necesitan agrupamentos de diversa índole:

- **ACTIVIDADES INDIVIDUAIS,** como a resolución de problemas, algún experimento, elaboración de informes e do caderno, obtención de conclusións e desenvolvemento de probas escritas.

- **ACTIVIDADES EN PEQUENOS GRUPOS** para a realización de traballos, experimentos de laboratorio, resposta a algunhas preguntas, resolución de algúns problemas ou realización de vídeos.

En canto ós espazos empregados, utilizarase a aula do grupo e, sempre que a situación o permita, os laboratorios de física e de química.

Utilizaranse as sesións de clase, seguindo a temporalización programada. Nalgún caso, poderase dispoñer de outros tempos para a realización dalgunha proba escrita ou actividade complementaria, logo de consensualo co alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
AULA VIRTUAL
Modelos moleculares, redes iónicas e modelos de orbitais moleculares.
Materiais audiovisuais: vídeos didácticos, fotografías, etc.
Material de laboratorio para a realización experimental de parte dos contidos.
Recursos TIC
Libro de texto: Geniox Pro Física y química 1ºbachillerato ed. Oxford.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na primeira semana do inicio da actividade lectiva farase unha proba de avaliación inicial para poder detectar as eivas que ten o alumnado. Esta proba permitirá coñecer o nivel académico do grupo e servirá de punto de partida para empezar a traballar a materia, así como para a inclusión dalgúns contidos do curso anterior se fose preciso. Asimesmo, permitirá detectar dificultades individuais e a posta en marcha de medidas para subsanalas (actividades de reforzo, orientacións para traballar a materia...).

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	9	13	13	13	13	13	13	13	100
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

CUALIFICACIÓN TRIMESTRAL

- A nota en cada avaliación será a resultante da nota media das probas escritas do trimestre (90% da cualificación) a da nota do traballo na aula e individual (10% da cualificación).
- En cada avaliación haberá como mínimo 1 ou 2 probas escritas (polo xeral de cada unidade didáctica aínda que algunhas poderán avaliarse conxuntamente) consistentes en preguntas de distinto tipo: teoría, test, verdadeiro/falso, cuestións breves, problemas e interpretación de gráficas. Para poder superar estas probas é necesario acadar unha nota mínima de 3,5 sobre os 9 puntos do exame. Calqueira nota inferior terá que ser superada a través dun exame de recuperación
- A cualificación correspondente ó traballo na aula e individual asignarase de acordo coas seguintes porcentaxes:
 - 5% tarefas realizadas na aula así como traballo diario e esforzo na materia.
 - 5% tarefas realizadas fóra da aula, individualmente ou en grupo. Habitualmente valorarase neste apartado a elaboración dun informe científico, un pequeno traballo de investigación, a presentación dos informes de prácticas e/ou lectura dalgún texto ou libro de divulgación científica. Como norma xeral en cada avaliación non se plantearán actividades de todas as tipoloxías anteriormente citadas, se non que ese 5% se asignará a unha ou dúas desas actividades.
- As tarefas que o alumnado deba realizar fóra da aula deben entregarse na data indicada e en caso de non poder asistir a clase nesa data por causa xustificada, entregaranse á profesora o primeiro día que o alumno se incorpore á aula, sendo éste o responsable de comunicar á profesora o motivo da súa ausencia e entregar o material correspondente.
- Só se obterá o 5% da cualificación relativa ó traballo da aula se o alumno asiste a clase, e cando en caso de ausentarse entregue a XUSTIFICACIÓN pertinente, non entendéndose como xustificación motivos persoais.
- O criterio para o redondeo será matemático: cando o primeiro decimal sexa igual a 5 ou superior, redondearase á seguinte unidade.
- O elemento clave para considerar calquera proba como ben resolta e que o alumnado demostre unha comprensión e interpretación correcta dos fenómenos e leis físicas relevantes. Neste sentido a utilización de fórmulas adecuadas, non garantiza que o exercicio estea ben resolto.
- Copiar nunha proba escrita ou calquera intento de fraude na mesma suporá a non corrección e cualificación da proba que se está a realizar. Se logo da corrección dunha proba houberse sospeitas fundamentadas de fraude polo

emprego de dispositivos electrónicos non detectables, a docente poderá requirir por parte do alumno ou alumna a ratificación de coñecementos a través dunha nova proba (oral ou escrita). Poderanse restar puntos se o alumno ou alumna fala durante o exame. Se nalgún momento o alumnado non asiste á realización dunha proba ou non presenta algún traballo obrigatorio, será necesario xustificalo por medio dun documento oficial (xustificante médico..). Neste caso poderá entregar o traballo fora de prazo ou facer a proba noutra data. Tamén se aplican as normas que expresa a CIUGA :o alumno/a non pode acceder á aula con teléfono móbil, reloxo ou calquera outro dispositivo electrónico activados. De darse o caso, poderá ser obxecto de medida disciplinaria (expulsión da aula, cualificación do exame con 0 puntos ou anulación total da proba).

CUALIFICACIÓN FINAL DE XUÑO

- A cualificación final da materia será a resultante da media aritmética das notas (reais, sen redondear) obtidas en cada un dos trimestres, empregando para o cálculo destas últimas as notas das probas das recuperacións parciais ou ben da final no seu caso. Para aprobar a materia en xuño é necesario ter una nota igual ou superior a 5 en cada unha das avaliacións.

Criterios de recuperación:

RECUPERACIÓN TRIMESTRAL - Para aprobar unha avaliación é necesario ter unha nota mínima de 5 na calificación final da mesma.

- No caso de que o alumnado aínda tendo un 3,5 nos exames non superase a avaliación ao non acadar o 10% restante cos demais instrumentos de avaliación, poderá repetir as actividades correspondentes para recuperala.

- Ó finalizar o trimestre farase unha proba de recuperación na que o alumnado se examinará das partes que non superase (todas aquelas probas nas que o alumno obtuviese unha nota inferior a 3,5 sobre 9). No caso da terceira avaliación, a proba realizarase coa proba final da materia. As notas das probas de recuperación serán as que se empreguen para o cálculo da nota final da materia.

RECUPERACIÓN FINAL - Todo o alumnado que non superase alguna das avaliacións nin as súas recuperacións parciais deberá examinarse das mesmas na proba de recuperación final que terá lugar nos días anteriores á avaliación final. O alumnado examinarase das avaliacións que mantivera suspensas despois da/s correspondente/s recuperación/s.

- Se, de forma excepcional, o alumnado quixera repetir unha proba escrita con calificación igual ou superior a 5 para mellorar a súa calificación final, a nova calificación da proba escrita será a media aritmética das calificacións obtidas as dúas veces que realizou a proba. Esta proba realizarase sempre na data proposta para a avaliación final da materia.

RECUPERACIÓN EXTRAORDINARIA - No mes de xuño realizarase unha proba escrita extraordinaria para o alumnado que non acadara os obxectivos da materia de forma ordinaria ó longo do curso. Nesta proba realizaranse preguntas referidas ós grados mínimos de consecución dos criterios de avaliación.

- Para superar a materia será preciso acadar unha nota mínima de 5 nesta proba, debendo acadar como mínimo o 50% da puntuación outorgada a cada parte da materia (física e química).

- A nota da materia neste caso corresponderíase coa obtida na citada proba.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

PROCEDEMENTO AVALIACIÓN DE PENDENTES

Nas primeiras semanas do curso entregaráselle ao alumnado un documento onde se recolle o Plan Específico Personalizado para a recuperación da materia. Este documento contén os contidos esixibles, a secuenciación-temporalización das unidades didácticas, o procedemento de avaliación e as orientacións para preparar a materia.

Haberá tres probas de avaliación parciais nos meses de novembro, febreiro e abril). A nota mínima necesaria para poder superar a materia será de 4,5 en cada unha destas probas.

Aquel alumnado que non se presente ou non supere algunha ou ningunha das avaliacións parciais, terá que avaliarse das mesmas no exame final da materia que terá lugar no mes de maio. A data para a realización desta proba será fixada pola xefatura de estudos.

Nas probas parciais e na proba final poderá haber preguntas de resposta corta ou longa, de verdadeiro ou falso, de razoamento, problemas de cálculo numérico, de elaboración de esquemas, actividades de encher ocios e/ou de lectura comprensiva. A puntuación que se lle dea a cada un dos exercicios (non necesariamente a mesma para todos) figurará ao lado de cada enunciado.

PARA SUPERAR A MATERIA SERÁ NECESARIO SUPERAR AS TRES AVALIACIÓNS PARCIAIS OU BEN A AVALIACIÓN FINAL, EN CALQUERA DOS CASOS CUNHA CUALIFICACIÓN MÍNIMA DE 4,5.

CUALIFICACIÓN FINAL

A cualificación final será a media aritmética das notas obtidas nas tres probas parciais no caso de estar superadas ou na/s parte/s correspondente do exame final. No caso de que o alumnado non se presentase as probas parciais, a cualificación será a acadada no exame final de maio.

Á media aritmética das probas parciais, ou a nota do exame final de ser o caso, aplicaráselle o redondeo matemático para a cualificación final (se a primeira cifra decimal é cinco ou superior redondearase á seguinte unidade; se é inferior a 5, deixarase o número enteiro acadado).

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Aquel alumnado que non superase a materia na avaliación ordinaria, terá dereito a facer unha proba extraordinaria no mes de xuño, na data que estableza a xefatura de estudos. A cualificación desta avaliación será a correspondente a dita proba, empregando o redondeo matemático para acadar un número enteiro.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Non procede por tratarse dacha materia de 1º curso dunha nova etapa, bacharelato.

6. Medidas de atención á diversidade

En xeral seguiranse as indicacións do Departamento de Orientación. Ademais, neste curso se incorpora ao centro alumnado procedentes doutros IES ou CPIs polo que se estará pendente da súa evolución e das súas carencias, no caso de que as houbese, para facilitarlles a aprendizaxe da materia.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS ORDINARIAS

Adecuouse para algún alumno/a a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún alumn/a ou grupo?

- Agrupamentos diferenciados para alumnos/as ou grupos? Non.
- Tempos diferenciado, horarios específicos, etc.? Non.
- Espazos diferenciados ? Non.
- Materiais e recursos didácticos direnciados? Non.
- Faise algún desdoblamento de grupos? Non.
- Faise algún reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula? Non.
- Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a? Non.
- Que medidas se propoñen para o alumno enviado á aula de convivencia? Agárdase non ter que enviar a ningún alumnado deste curso á aula de convivencia. No caso de ter que facelo, enviaráselle con traballo para que poida avanzar ao ritmo da clase.

MEDIDAS CURRICULARES ORDINARIAS

- Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.? Non.
- Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a? Non.
- Existe algún programa de reforzo en áreas instrumentais (LC/LG/MT) para alumnado de 1º e 2º da ESO? Non procede.
- Existe algún programa de recuperación de materias non instrumentais (2º ESO)? Non procede.
- Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia? Non procede.
- Realízase algún programa específico personalizado (para repetidores)? Non procede.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS E CURRICULARES EXTRAORDINARIAS

Non procede no nivel educativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora e expresión escrita, mediante a busca de información (textos, gráficas, táboas) e a súa posterior presentación. Terá especial interese a presentación das prácticas de laboratorio e dos exercicios de argumentación, que seguirán as formas das publicacións científicas. Este elemento está relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.6.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral traballarase nas presentacións sobre diferentes temáticas (química orgánica e sociedade, produción de enerxía), así como en debates e similares. Este elemento transversal está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.7, CA1.8, CA3.4, CA3.5.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual, mediante a presentación dos resultados dun informe científico nalgún soporte audiovisual.					X			X
ET.4 - Competencia dixital, mediante o uso da aula virtual, a produción de informes (procesadores de texto) ou a presentación de proxectos (programas de presentación), a busca de información en internet, ou as aplicacións interactivas (formulación e nomenclatura, cinemática). Este elemento está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.5 e CA1.6.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.5 - Emprendemento, especialmente no deseño de experiencias e proxectos de investigación así como na proposta de hipóteses e a comprobación destas, na proposta de accións de mellora na sociedade, na capacidade de liderado do grupo, etc. Este elemento está relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.1, CA1.7 e CA1.8.	X			X	X	X		X
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico é consubstancial á materia e trabállase na totalidade desta, especialmente nos exercicios de argumentación fronte a distintos enunciados a partir das probas dispoñibles. Este elemento transversal está directamente relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.1 e CA1.7.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores, mediante a relación entre os membros da comunidade educativa, atendendo ao alumnado desde a empatía e a comprensión, fomentando o respecto nas actuacións que se leven a cabo, chegando a acordos, co cumprimento das normas, deseñando e desenvolvendo protocolos de resolución de conflitos, etc. Está relacionado co seguinte criterio de avaliación: CA1.5.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero, no día a día mediante o trato igualitario entre os membros da comunidade educativa independentemente do seu xénero. A linguaxe será non sexista e coidarase, neste aspecto, a redacción e selección dos textos. Subliñar a contribución das mulleres á ciencia.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.9 - Á creatividade élle de aplicación o indicado para o fomento do espírito crítico e científico e para o emprendemento.	X			X	X	X		X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charla programa A Ponte	De ser posible (poden facerse un máximo de catro solicitudes por centro educativo), solicitaría algunhas das charlas propostas pola USC ó abeiro do programa A Ponte.		X	

Observacións:

Se xurdisen ó longo do curso escolar actividades que se considerasen interesantes e beneficiosas para o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado, valorarase a súa realización.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1.- Secunciáronse de maneira adecuada as unidades didácticas/temas/proxectos?
2.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?
3.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?
4.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?
5.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso?
23.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?

Metodoloxía empregada
7.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?
9.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?
13.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?
14.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?
15.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?
19.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?
20.- Intercálase o traballo individual e en equipo?
21.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?
24.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?
26.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
6.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?
22.- Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe?
Medidas de atención á diversidade
8.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?
12.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?
16.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado?
17.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?
18.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade ?
25.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?
Clima de traballo na aula
10.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?
11.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
27.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?

Descrición:

A clasificación por bloques dos indicadores de logro anteriores é a seguinte:

Planificación: indicadores 1-8

Proceso de ensino: indicadores 9-18

Práctica docente: indicadores 19-31

E ponderaranse todos eles entre 1 e 4, considerando que o 1 é o máis próximo ó NON e que o 4 é o máis próximo ó SI.

Esta escala completárase trimestralmente así como ó rematar o curso escolar.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

MECANISMO DE SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN

- O grao de cumprimento da programación revisarase trimestralmente.
- En caso de detectarse un desfase, reaxustaranse os tempos programados para cada criterio de avaliación e consecuentemente para os obxectivos vinculados a estos.
- Para avaliar o correcto funcionamento da programación, ao rematar o curso analizarase o grao de consecución dos obxectivos propostos e a funcionalidade de cada unha das partes da programación.

MECANISMO DE AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA DA MESMA

De forma trimestral e ó finalizar o curso, completárase unha escala de observación (escala 1-4) na que se avalíen os seguintes indicadores de logro:

- 1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?
- 2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas?
- 3.- Secuenciáronse os obxectivos para cada unha das unidades/temas?
- 4.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada criterio de avaliación para superar a materia?
- 5.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?
- 6.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?
- 7.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?
- 8.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?
- 9.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?
- 10.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?
- 11.- Fixouse para o bacharelato un procedemento de acreditación de coñecementos previos?
- 12.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.?
- 13.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación?
- 14.- Fixáronse criterios para a avaliación final?
- 15.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?
- 16.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?
- 17.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, obxectivos e instrumentos?

9. Outros apartados